



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

ANUNCIO

CONCELLO DE NEGREIRA

O Pleno da Corporación deste Concello de Negreira, en sesión ordinaria celebra con data de 14 de xullo de 2025, adoptou, entre outros o acordo seguinte:

PRIMEIRO.- Ceder gratuitamente ó Servizo Galego de Saúde a propiedade do Centro de Saúde de Negreira, así como da Parcela na que se atopa sito o mesmo.

Datos do inmovible:

REFERENCIA CATASTRAL	1811925NH2511S0001DQ	
SUPERFICIE CONSTRUÍDA	998 m2	
VALOR CATASTRAL	CHAN	64.058,62 €
	CONSTRUCCIÓN	329.781,82 €
	TOTAL	393.840,44 €

Dito ben figura inscrito no Inventario de Bens municipal co código de ben número "1INM05600023", no epígrafe 1, Bens Inmóbiles; así como no Rexistro da Propiedade de Negreira, finca rexistral 29854 de Negreira, CRU 15010001316880.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como no tablón de edictos do Concello, por prazo de un mes. No caso de que non se presenten alegacións, elévese este acordo a definitivo.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo ó Servizo Galego de Saúde.

CUARTO.- Elevar a presente cesión, previa autorización do Consello da Xunta, a escritura pública e proceder á súa inscrición no Rexistro da Propiedade, con asunción, por parte do Concello, dos custes derivados de ditas actuacións.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

QUINTO.- Declarar o dereito de reversión do Concello de Negreira para o caso de que o inmovible obxecto de cesión deixara de prestar servizo como centro de saúde.

SEXTO.- Asumir o compromiso de aprobación da correspondente exención fiscal a favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, en relación co pagamento do imposto sobre bens inmovibles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

SÉTIMO.- Asumir o compromiso de aprobación da correspondente bonificación do 95% no imposto sobre construcións, instalacións e obras, a favor de "construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, correspondendo dita declaración ao Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros. Todo isto, de acordo co previsto no artigo 103 o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

OITAVO.- Facultar á Alcaldía para efectuar cantas actuacións sexan previstas para levar a término a cesión pretendida.

Mediante este anuncio sométese o expediente a un período de información pública polo prazo de un mes no que se poderán presentar alegacións, no caso de que non se presente ningunha elevarase este acordo a definitivo.

Negreira, 4 de setembro de 2025.

O Alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez